

En primera persona

Encarna Álvarez Gallego
Psicóloga e pintora

«Fago unha homenaxe ás mulleres que cosían na súa casa e facían roupa»

A sede do Colexio de Psicoloxía acolle esta exposición ata o próximo 15 de abril

ELISA ÁLVAREZ
SANTIAGO / LA VOZ

Cando súa nai morreu, Encarna Álvarez gardou aqueles retallos que ela deixara de facer arranxos en pantalóns, camisas e outras prendas. Vinte anos despois presenta unha exposición, na que combina estas teas para render unha homenaxe a todas esas mulleres que cosían na súa casa para axudar na economía familiar sen seren modistas profesionais.

—¿Por que «Puntadas anónimas» para chamar a esta mostra?

—Quixen facer un guiño, unha mención. Con esta exposición quero facer unha dedicatoria, unha homenaxe, ás mulleres que cosían pero non eran costureiras de profesión, modistas, senón aquelas que cosen ou cosían nos anos 60, 70 ou 80. Facían na casa, o pantalón, a camisa ou os arranxos dos vestidos. Era unha maneira de achegar ese recurso porque os fondos eran escasos, e a roupa era un ben moi, moi prezado. Agora non o é, agora cómprase, nas rebaixas cómprase aínda máis e mércase un pantalón que está roto só porque se leva. Non se lle dá esa importancia que se lle daba antes á roupa.

—¿Durante canto tempo gardou os retallos que deixaba súa nai?

—Miña nai, se arranxaba uns baixos, gardaba o retallo, se unha camisa se estragaba quitaba todas as pezas para poder facer outra cousa que se lle ocorrea, e non tiraba os restos. Son teas usadas, que teñen unha vida anterior, e cando faleceu, hai xa vinte anos, gardei todo iso.

—¿Desde hai vinte anos?

—Si, porque me recordaba o que ela facía e ademais era algo que lle gustaba moito. Coser era a parte de máis ocio, a máis lúdica dos seus labores. De feito cosíase



As teas que usa Encarna eran os restos que gardaba súa nai de facer arranxos. PACO RODRÍGUEZ

pola tarde, cando xa pola mañá estaban feitos todos os quefaces: comidas, lavadora. Pola mañá era impensable poñerse a coser, ela tiña gardado todo, e dentro das cousas que retiras cando alguén falece hai algunhas que gardas e iso foi quedando. Despois eu fun evolucionando na miña pintura cara a outras maneiras que non son o óleo, por exemplo, e fun utilizando outro tipo de materiais para achegar texturas ás cores. Fun incorporando a influencia doutros autores que me gustaban moito e fun collendo as súas referencias. Foi nese momento preciso cando me decidín a empezar a sacar os retallos e a coser todo iso. En principio nín sequera o tiña pensado. A conclusión á que agora chego, de facer unha homenaxe, que ninguén pense que a tiña prevista de antes, para nada, eu penso que un fai o que fai, ou pinta o

A protagonista. Encarna Álvarez é psicóloga e expón unha mostra de pintura na sede do Colexio de Psicoloxía de Santiago.

O traballo. Leva pintando desde os 13 anos e ao longo deste tempo foi incorporando distintas influencias nos seus traballos.

que pinta, e despois é cando te paras a pensar, ¿por que fago isto? É polo menos o que fago eu.

—¿Cantas obras son?

—Facer fixen moitas, podo ter unhas corenta, pero aquí expoño só quince.

—¿Mestura as teas con outras técnicas?

—Algunhas veces non, son só teas con fíos, unha costura que enlaza e agrupa as teas e punto. Pero noutras obras si, hai mate-

riais diferentes como o papel escrito, cintas, e mesmo teño cadros con óleo tamén, mesturado ou con acrílicos. A idea é dar outro significado ás teas. Sobre todo gústanme as que están usadas, non as novas, según as que están utilizadas e teñen unha vida previa.

—¿Custou escoller as teas?

—Eu non sei que fai outra xente cando pinta, eu nunca penso nada cando o fago. No meu caso non é nada racional, aínda que agora sexa difícil transmitilo en palabras. Empezas, constrúes e ves o final, e despois, cando xa teño o final, ao mellor é cando me dá por pensar por que o fixen. É coma un exercicio, igual como son psicóloga ten algo que ver, e penso por que fixen o que fixen, pero igual pasou un ano. Parece bonito a parte de reconstrución de por que fas o que fas, pero non hai esa intención primeira.

AL CONTADO

Aquellos chicos

Hay barrios que llevan su dolor con grandeza, sin vestir de luto. Los ha golpeado la tragedia de forma inmisericorde, pero un día levantan la cabeza, sin aspavientos, y se ponen a caminar. Por eso, cada mañana, se ve al repartidor del pan, al vendedor de cupones o a los niños en la parada del autobús para ir al colegio. En Vite viven hoy ancianas solas que un día de jóvenes imaginaron que serían abuelas. Así lo dictaba el curso natural de la vida. Llegaron del campo a la ciudad en los sesenta, cuando tenían 20 años, y fueron madres. Pero aquellos hijos adolescentes salieron un día a la calle y se fueron de paseo del ganchete de una desconocida, la heroína, que se los llevó para siempre. Nunca más regresaron. El dolor de esa ausencia todavía se aprecia hoy en las fachadas de esos edificios de ropa tendida, que miran a la calle con tristeza, con las ventanas como si fueran párpados caídos. Con uno de aquellos chicos jugué al baloncesto a mediados de los ochenta. Mucho tiempo después, una tarde, lo encontré en la puerta de los cines Valle Inclán, hoy cerrados. Estaba muy delgado, pálido y con una pierna hinchada. Parecía un anciano sin dientes. Le dije que debería ir al médico, pero me contestó, en broma, que no podía, que era su hora de trabajar. Allí iba todas las tardes a las cinco, a pedir dinero, a la cola de entrada para la función, con la puntualidad de un oficinista. Luego, cuando reunía las monedas suficientes, se iba a comprar su papelina. Aquella tarde, cuando le pregunté qué tal aquellos chicos que iban a jugar con él al baloncesto, me dijo algo que no olvidaré jamás: «Se los llevó a todos el bicho».

SANTIAGO DE COMPOSTELA

V FERIA DE ANTIGUEDADES

Palacio de Congresos e
Exposicions de Galicia/ San Lázaro

26-27-28 Enero

Horario: viernes 17 a 21h Sab/Dom. 11-14:30/16:30-21h.

VENTA DIRECTA AL PÚBLICO



SORTEO DE 1 PIEZA

www.facebook.com/nougrupfiral

A DESCONTAR DEL
PRECIO DE LA ENTRADA
NO ACUMULABLE

0,50€
VALE DESCUENTO POR